

BANDO

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, e tendo en conta a resolución adoptada no día de hoxe 13 de marzo de 2020, en **relación ás medidas preventivas para colaborar na propagación do coronavirus COVID-19** polo Concello de Redondela, por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte:

PRIMEIRO.- Queda suspendida a atención ao público durante os próximos 15 días nas oficinas municipais, agás casos de urxencia que deberán solicitarse baixo cita previa, nos teléfonos **986400300 e 986402865**.

Toda a tramitación deberá realizarse de ser posible, a través da sede electrónica municipal do Concello de Redondela ou mediante correo electrónico contactando previamente cos distintos departamentos do Concello, onde lle darán as indicacións para cada trámite.

SEGUNDO.- Ademais dos servizos municipais xa pechados, tamén se toman medidas preventivas nas áreas de xogo infantís, quedando pechados o acceso ás mesmas.

TERCEIRO.- Se acordou a suspensión de todos os actos públicos cuxa organización dependa do Concello, así como todas as actividades e programacións dirixidos a veciñanza e público en xeral, de carácter cultural, deportivo, etc., as festas, ferias, mercadillos, e demais actos que poidan supoñer a congregación ou reunión das veciñas e veciños, tanto exteriores como interiores.

En concreto se sinala especificamente pola incidencia dentro do Concello de Redondela, a suspensión da feira tanto en Chapela como en Redondela, dentro deste período temporal.

CUARTO.- Informar que o servizo de axuda no fogar se seguirá prestándose con normalidade, se ben adoptándose medidas extraordinarias de hixiene e seguridade, atendendo ao protocolo establecido ao efecto pola administración competente.

Da totalidade das medidas adoitadas poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección **www.redondela.gal**

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

